

# DORNA



EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 38  
2015

**D O R N A**



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015  
© Xunta de Galicia, 2015

EDITA  
Edicións USC  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
[www.usc.gal/publicacions](http://www.usc.gal/publicacions)

ISSN 0213-3806  
ISSNe 2340-0099

---

EXPRESIÓN POÉTICA GALEGA Nº 38

---

2015

---

DIRECTOR: Ramón Lourenzo

COMITÉ DE REDACCIÓN: Alba Cid, Ismael Ramos, Lorena López López, Mario Regueira.

SECRETARIO: Miro Villar

COMITÉ ASESOR: Juan Viaño Rey (Reitor da Universidade de Santiago de Compostela), Valentín García Gómez (Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia), María José López Couso (Decana da Facultade de Filoloxía), Francisco A. Cidrás Escáneo (Director do Departamento de Filoloxía Galega), Luís González Tosar.

ILUSTRACIÓNS: Sole Rei

DESEÑO E COMPAXINACIÓN: Antón García

ENDEREZO: **DORNA**, Expresión Poética Galega, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela, 15705 Santiago de Compostela.

ENDEREZO ELECTRÓNICO: [dornasc@gmail.com](mailto:dornasc@gmail.com)

A revista DORNA reitera o chamamento ás escritoras e aos escritores para que nos envíen as súas colaboracións, a ser posible por correo electrónico ou ben por correo ordinario, preferentemente acompañadas dunha versión dixital.

O comité de redacción de DORNA non se compromete a manter correspondencia sobre os textos que se lle envíen nin a devolver os orixinais.

ESTA REVISTA SAE MEDIANTE COEDICIÓN ENTRE



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

**CREACIÓN**

**NOVA**



### a inmersión de Safo

*y el nombre de las cosas que es mentira y es caridad*  
CLAUDIO RODRÍGUEZ, desde JUAN ANDRÉS GARCÍA ROMÁN

1

Safo dóbrase sobre si mesma  
até abrazar as súas pernas flexionadas.  
desde atrás, o seu lombo é un arco de cerdeira

un exoesqueleto dourado  
a punto de eclosionar.

2

o verán en que pisamos a Costa Leste  
as radios emitían constantes avisos sobre a próxima saída das cigarras.

non cumpríramos os vinte, e durante dous segundos pensámonos  
practicamente irmáns  
dun billón de parasitos subterráneos  
de ollos vermellos  
adheridos ás raíces das árbores                    durante dezasete anos  
contendo o titilar da vida                            durante dezasete anos  
vivos aínda grazas ao zume desas mesmas raíces

e por riba, quen sabe, a tres ou catro cuartas do noso agocho  
nenos rodando até conseguir un corpo  
por riba,  
a persecución constante da luz e as sombras  
por riba,  
as colleitas e os golpes de aixada de varias xeracións.

3

dime,  
cando as cigarras emerxen da terra, que encontran?



nenas trenzando talos de anís  
para facer coroas,  
humus e árbores froiteiras,  
a beleza das insinuacións.

logo despregan unhas ás de cristal bávaro  
e adquiren a forma adulta.  
dezasete anos nas raíces, un mes baixo a luz solar.

a poeta resplandece,  
exiliada en Siracusa.

4

Safo escribe:

pero unha especie de desexo ten poder sobre min  
morrer e observar desde as alturas  
a rosada nas flores de loto das ribeiras do Aqueronte.

Safo escribe e arquea o lombo.

pero o estado do papiro impídenos saber  
se está a anticipar a branca roca de Leucas  
(desde a que se lanza ao mar en todos os lenzos do XIX)  
ou á caída –case imperceptíbel–  
das crías das cigarras desde as árbores,

rebotando sen eco

até enterrarse.

## Antía Monteagudo Alonso

### Visións parisiñas

Esqueceras os puntos cardinais  
naquel café da *Rue Lepin*.  
A min caéranme do peto  
ao camiñar polos bulevares.  
Os nosos pasos fixeron punto de cruz  
sobre un tapiz de mapas desdebuxados.  
E a procura fixo... nós con fíos de excentricidades.

Lembro o teu impermeable verde. A túa mirada *renoiriana*.  
Preguntáchesme se vira o teu Norte.  
Respondín que o meu tampouco o atopaba.  
E comezamos a buscalo na choiva, coma nostálxicas molladas.

Ascendemos 502 chanzos para procuralo dende as nubes.  
Quen pulsou o interruptor das estrelas sen oriente?

Seguimos os minutos sen nome que camiñaban entre a multitude.  
Falamos sen puntos (non había espazo).  
Conversamos en 200 linguas sobre o amor fronte ao seu propio muro.  
Comemos *crêpes*, matamos o tempo e soterrámolo no *Père Lachaise*  
cun acto sobrio e unha placa decorada.  
Visitamos librarías de vello coma antídoto contra o frío.  
Fomos espectros de Sylvia Beach. Simples ecos de eternidade.

Viviamos en tempo morto,  
fóra das parénteses que nos acoutaban.  
Non había un onde, nin un cando,  
nin un porqué que explicarlle ao sentido.  
Eramos nós as mesmas que somos e seremos.  
Poeticemos o absurdo mentres o conservemos!

Pero, entón (aínda sen tempo)  
a fin desa Nada, do noso baleiro adverbial.  
Volvía o Oeste, con culpa, e o Sur, cansado.  
O Leste recuperaba Oriente, o Norte, o mando.

E o tempo, coma bo cristián, resucitaba.

Quen pode nacer en Puech Merlhou?

### *PRELUDIO*

A desobediencia en Minamata  
está nos tecidos

en coloracións extensibles

como mesturas de  
carne e algas

residuos industriais  
e mesmo

nas horas.

Temos a certeza de penetrar no motor de toda unha chaira infestada de  
seres

vémolos así inmersos no baile:

*PRIMEIRO*

(As fábricas son faros invisibles)

Hélice é virares o corpo de áurea  
con sucidade nas pernas, Victorine  
dun illó  
da lama.

Non hai barco niso que te tingue.

Vertían aceite e logo follas e pico  
e levantaban o que fose posible dun faro  
para alcanzar cantos máis rizos de océano  
cantas máis correntes  
pero  
sobre todo a nave.

A nave puido tremer dun cortexo leve coas xardas  
e fenderse despois.

O que te ensucia, Victorine,  
o promontorio  
o negalo e que sexan tres os fillos que naufragan e aboian  
á mañá seguinte  
cando levas cinsas nas pernas e úlceras nos xenitais.

SEGUNDO  
(Actuación)

Queres afirmar a colisión  
porque é fonda.

Os cons que sobresaen da planicie mariña

veñen de ser montañas  
suceden o promontorio.

Esta trindade tardía  
estes rapaces crebando  
os cóbados.

É a danza subacuática para se curaren do mercurio

(estaban alí  
tamén  
no baixío  
coliden  
e aboian, Victorine

non os ves).

Afirmas a colisión:

*o de ollos brillantes*

*sentaba no máis alto*

*puido flotar cara aos arquipélagos e as cruces.*

O escollo era impuro / non precisaba  
máis detalle.

## *TERCEIRO*

Adorarás o cavorco  
a pedra  
as correntes que xa non o son

bombeando na figura do fillo.

Aboian tamén  
aboiamos  
con malvas con  
augurios  
na boca.

## Arsenio Iglesias Pazos

### Os anos musculares

Son as tres da mañá  
nalgún poro facial da cidade  
e déitome agora.  
Prendo a radio na mesa de noite  
e o programa é o mesmo  
dos anos musculares,  
naquela cidade  
que compartía con esta o aspecto do ferro.  
Na memoria sempre era un sábado nas altas horas.  
Eu de volta no coche,  
sentindo a radio e o volume urbano  
asubiando aínda nos oídos.

Os focos alumaban a liña descontinua da madrugada  
e, por veces, o bafo frío  
que saía da boca do inverno  
nubraba o parabrisas  
mentres o coche atravesaba  
a ponte sobre a ría.  
Percorrela era un minuto.  
Con todo,  
sempre foi o gran momento da noite.

Nesa cidade metálica nunca sentín un lado salvaxe.  
Había simplemente  
o que poidan significar na varanda da ponte  
os chuvasqueiros dos pescadores  
esporádicos baixo os farois.

Ese foi, de feito, o meu lugar por moitos anos:  
o tránsito,  
a estrada nocturna, prolongar  
o sitio no que ninguén se detiña.

E había un rito consistente en chegar á casa,  
apagar o motor e agardar polo completo silencio.

E arredor o patio de cemento, o banco  
baixo a parra espida, o pozo.

Saír do coche,  
sentar no banco ás tres da mañá  
e permanecer,

permanecer alí mentres sobre os tellados  
transcorrían as luces da comarca.

Non había lado salvaxe.  
Era un ouveo respectuoso cos dormentes.



## Celia Parra

### Profundidade de tacto

Entre ti e a ferida, nove pasos de diafragma.

#### F22

Recréaste na precisión do trazo  
a aspereza coa que a dor  
foi cristalizando calquera pulsión de fuxida.

A cartografía dos teus erros  
desprégase  
con punzante nitidez.


#### F16

Descobres as túas propias derrotas  
bailando entre xelatina e bromuro de prata.  
O revelado é a mellor autopsia, e a culpa  
un latexar arrítmico na caluga  
que o tingue todo  
de vermello.

#### F11

O ollo demanda  
o que excede á palabra.  
Todo o que nos corrompe  
sen veladuras.  
Pulsión escópica.

Por iso buscamos  
carne e pólvora no envés da imaxe  
na imaxe a máis vívida das cores  
na cor unha escalada frenética de decibelios.





Que a imaxe se faga corpo  
[4K, 48fps, pantalla LCD]  
para que o ollo a posúa.

### **F8**

A fronteira  
entre a dor e o pracer  
radica  
no delicioso desgarro  
da presión.

### **F5.6**

Hai feridas    impronunciabes

O que non se fixo palabra,  
non ten corpo nin tacto.

E como salvar  
ó descoñecido  
da eterna hemorraxia.

### **F4**

Canto máis cerca a ferida  
máis difusos os seus lindes  
[zoom]  
e máis perigosa  
a súa escuridade.

Todo baleiro absorbe.

### **F2.8**

Algo escintila entre a negrura.  
No punto de fuga, a única casa coa luz acesa,  
a que non ten camiño máis que de ida.

A ese vagalume difuso consagra a peregrinaxe.  
Esfólas os cotenos dando tombos polo bosque.

## F2

Esperanza

esa nube calcificada nas unllas que evidencia  
a fragilidade que nos consome.

Unha fermosa e dura ameaza.

## F1.4

Todo é ferida

Todo é fartura e carencia

coma as barrigas infladas das letras.

Dende o ventre da balea non se ve o horizonte.

Nin sol, nin compás, nin medición ningunha  
para salvarte da desmemoria.

Afondas na dor

e esqueces a precisión do trazo  
o cicel e a man que esculpiu este  
retablo de agonía.

Coas xemas abrasadas,  
percorres o teu propio rostro.

Non te recoñeces.

## Chus Pato

O tempo e mais ti sodes compañeiros, retrasádesvos

1

Como imos vivir aquí  
a non ser que tornen os paxaros  
que ergan cos seus corpos as paredes?

habitaríamos nun niño  
cuxa estirpe serían as aves  
tu existirías aí  
unha cousa pensante suxeita a un corpo e a idea dun creador atado á  
extensión dun universo infinito

mírate a alma mírate como arde  
non remata nunca de arder

nas pedras do lar  
a tristura  
a cólera

eles  
os paxaros negros  
pétreos

2

Producimos un corvo  
ningunha ponla sostera o seu peso  
o seu voo será un anel

vives para ouvir a voz do que non pode nacer

tes o corpo dunha atleta

por iso dicimos que hipnos é un deus

merlos que se enterran na herba

cobras enlazándose e entrelazándose no libro de Kells e no medio do teu  
camiño  
unha cabra perdida  
«nin te achegues á cría»

á voz  
que non garda semellanza  
tu  
un poema  
paréceste

ou do nacer

desde aquí alzamos  
este encéfalo

a boca un ollo veñen doutro mundo

un corpo é ausencia

\*

dicimos que a morte é unha materia ausente  
que non hai semblanza / fantasía da morte

## Claudio Rodríguez Fer

### Jazz vital

*Esto lo estoy tocando mañana*  
JULIO CORTÁZAR, «El perseguidor»  
inspirándose no jazz de Charlie Parker

Estoute amando mañá  
dende a revolución surrealista de 1924.

A confluencia inesperada  
entre os astros que arden  
no desexo improvisadamente azuis

e o que o mundo programa  
co seu piano de teclas previstas  
fóra dos campos magnéticos do pálpito

irrompeu na éxtase do instante  
cos teus dous cisnes verdes  
devoradores de galaxias e de alegros vivaces.

Porque nós encontrámonos sempre  
en medio da poesía  
por primeira vez.

Masturbando o cerebro  
coa boca no saxo.

Eu recoñecín no iris  
o primeiro do resto dos días  
sen intervención reguladora da razón e do falo.

Ti eras o azar obxectivo  
de metal transparente

como un torrente de corcheas  
pendurando dos pulsos.



Estabamos no mesmo soño

saíndo do saxofón  
como se fóssemos tempo  
en ritmo roto

porque ninguén volve tocar  
o mesmo jazz.

Somos o suxeito encontrado:

predestinación mutua,  
elección total  
dende a revolución surrealista de 1924.

Subimos vertixinosamente xuntos  
no ascensor do amor imposible

con todos os órganos inchados  
como trompetas.

Estabamos lambéndonos mañá.

Succionando *swing* das raíces do pene  
e soprando *bebop* pola vaxina arriba.

Para danzar a música da vida  
hai que tocar o clítoris  
con todos os dedos da lingua.

E lévasme libélula ao imposible do teu corpo  
coa natural ousadía do instinto biolóxico  
que posúen os instrumentos de carne e de corda

ao ti delicioso e sublime  
que tes no centro do teu hoxe

prolongada na casa dos espellos  
onde se multiplica a vida.

Somos polirritmia pura  
cando onte vén despois de mañá  
e a vulva ascende boca abaixo  
ata o frenesí da revolución surrealista  
de 1924.

Ámote, materia de mañá,

porque os teus ollos de onte  
suceden sen dúbida nun mundo  
sen orixes de cristal translúcido

feliz muller de hoxe

todo o tempo  
estoupando na cópula da cópula  
que incendias vital e encarnas viva.

## Claudio Rodríguez Fer

### Manteiga

CHANO POZO, «Manteca»  
na trompeta de Dizzy Gillespie

Carne e Razón —Independencia e Sexo.

Ti tes transpirando baixo a dermis  
a manteiga vital  
da que están feitos  
os psicotrópicos da música.

Grazas por demostrarme que no amor  
soamente é posible o imposible,  
certeza dos ovarios.

Cristal de revivir polos iris para sempre.

Cristal de renacer nos iris para sempre.

No amor soamente é posible o imposible:

bícasme coa ameixa Ming  
que alimentas entre as pernas  
renovando células de Islandia  
dende antes de que existisen  
os personaxes de Shakespeare.

Mentres desexes  
vivir máis alá deste mundo non verde

perdurará o universo  
como perdura a malaquita  
dentro da malaquita.

Metade lince, metade flor:  
así avultas e aproximadas

o teu sexo inchadísimo  
ata empaparnos de vida,

esmeralda por dentro.

Bícame a túa vulva  
con ímpeto de antílope.

O demais non existe  
e ademais non é verde.

## Eli Ríos

Cando chegou o golpe [—inesperado—] non foi doloroso senón sonoro.  
Abanearon os miolos dentro da caixa e o seu propio sangue cegouno.  
Recorda a poesía que ela lle estaba citando ( non ten amnesia). Quere  
coñecer o final da estrofa, interrompida, que morreu na gorxa antes de  
re-matar.

*Deconstrúeme,  
É o más íntimo que podo pedir.*

Recítalle o poema alí onde se detivera mentres as pingas escorregan pola  
superficie da meixela creando unha bágoa de sangue trágica e vermella...

*Deconstrúeme,  
É o más íntimo que podo pedir  
Deconstrúeme,  
Sácame da Literatura  
E prepárame para o amor<sup>1</sup>.*

Agora, co último verso gardado na memoria, xa está listo para desmaiar.  
(perde o sentido e esborrállase no piso)

Do libro *Café intenso*

---

<sup>1</sup> «Dekonstruiraj me,/To je edina intimna zahteva, ki jo lahko postavim,/Dekonstrui-  
raj me,/Vzemi me iz literature/In me pripravi za ljubezen» en Katja Perat, *The best have fallen*,  
Študentska založba (Beletrina collection), Eslovenia, 2011.

## Eli Ríos

Despois dunha eternidade de conversas electrónicas & nocturnas, ela decide poñerlle voz á letra do chat. Arrisca unha primeira vez. Aquela terraciña á beira da ría permitiríalles a intimidade precisa, lonxe dos lugares inzados de persoas coñecidas que a saudarían e tentarían garlar nunha conversa á que non foran convidadas [sic]. Xa o mirara nas fotos do facebook pero non o imaxinaba tan alto, algo máis forte, quizais, con menos cabelo (coleta), pode que sen tantas pencas roxas, ao mellor, non tan hipsterianamente pumuki. E, aínda así, ese falso aire de desleixo ten un aquel de *vai ti saber qué* etéreo, evanescente e pateticamente poético coma se dunha traxedia grega marítima se tratase... (no caso de que admitisen protagonistas roxos).

O clic inicial nun debate sobre o empoderamento xuntáraos durante madrugadas interminables

Inesgotables ruxidoiras de reflexións na distancia absoluta dun teclado até que se recoñecen dentro dunha intimidade na que son descoñecidos físicos.

Ela, chega quince minutos antes do acordado. El, catorce antes da cita.

Sentan nas cadeiras de pvc branco. Minimalistas. Forma de ovo. Ola. A mesa completa a cor que saborea os salitres dun océano atlántico vindeiro.

Ela pide un café. El preguntalle á camareira se ten té de inverno. Si.

Enxertan os baleiros oportunos sobre o lugar e o tempo. Deteñen o ollar: dentro.

Ela lembra un poema lido hai pouco. Ten a certeza de que lle ha gustar. Coñecen (hai séculos) os seus interiores.

As miradas mergullan na profundidade dos seus ollos. Fixas. Os versos.

A calor (queimadura)      O golpe (fractura)

Rompen, sen aviso previo, aquel instante suspenso no tempo.

Do libro *Café intenso*

## Eli Ríos

El treme as dúbidas todas xuntas  
como vimbio verde na treboada.

Noites estendidas nos circuítos  
informáticos e interconexións  
adquiren unha corporeidade  
insospeitada [Real].

Perde as palabras da valentía.  
Con ela non é capaz: papexa  
coma un neniño diante dos fogos de artificio;  
coma un adolescente nun primeiro encontro.

Senta do outro lado da mesa. De fronte dela.

*I believe it's time, to feel be real*<sup>1</sup> —dille—.  
[ela sorrí]

O café pula no corredor, polo medio da xente,  
recendos vibrantes e o té desprende a caloriña  
entre as paredes da teteira de cerámica branca.

Ela recítalle un poema que lle atravesa os pensamentos  
coa beleza do espontáneo — coa harmonía das ilusións,  
coa furia dunha cunca seccionándolle a órbita do ollo,  
á altura da sobrecella. Asañamento na ferocidade.  
Resplandor lucífero sobre a estrofa interrompida.

E, no segundo anterior a esbarrelarse, reconécese  
preparado para escapar da literatura...

Promete non esquecer este propósito.

O negro agocha o resto.  
Chegou a pausa.

Do libro *Café intenso*

---

<sup>1</sup> Patti Smith en *Because the night* (en *Easter*, Arista Records, Nova York, 1978).

## Estíbaliz... Espinosa

| outroras |

Que levante a man quen non se sinta fóra de tempo algunha vez.

Por exemplo: máis contemporánea de Lucy, a australopitheco, ca dos seus colegas de traballo.

Cóbado con cóbado cos estromatolitos de hai 3 000 millóns de anos: hai días en que nos erguemos así.

Pensas que Voltaire te había entender de perlas. Que Ada Lovelace sairía encantada a tomar unha contigo. Ou disque non?

Andas por aí irmandado coas irmandiñas do século xxvii, que van revolucionar o bioma todo, non se sabe como aínda.

Sénteste querido dentro de trescentos anos.

Amadísima por Tesla nun hotel de Belgrado.

Da panda das primeiras bacterias anarquistas, verdiazuis, borrachas de metano e CO<sub>2</sub>.

Reflectida no ollo composto dunha libeliña —*meganeura*— de un metro: «ti compréndesme, a que si?».

Carl Sagan faiche debuxiños no lombo. Cleopatra quéntache o leite, aturuxando.

Ceas soa, de palique con criaturas que aínda non existen.

Fóra de tempo e de lugar, como boa cousa atómica nunha constante *lambda*  
*vaiausteasaber* de que signo.

Un número primísimo perdido.



Íntima de Meendiño e unha neandertal de paisano na era do...

«Mira, perdoa que interrompa: é que neandertal aquí pode ser calquera».

Pois iso. De troula  
con calquera antes ca cos teus.

Vives no que non che corresponde. Quen non se sente veráns enteiros  
madurar fóra de sitio?

Temperá ou serodia, a Terra cae connosco dentro  
da árbore da galaxia.  
Hackeados ou arroutadas  
bipolares coma ela mesma:  
a cousa é que o cuaternario este vainos fatal.

Ás veces pásasenos e pasa que todo encaixa.  
De repente respiramos no continente correcto  
no eón máis acaído...  
Somos felices fugaces. E entón...  
que se saudades dos brazos de Safo,  
ou de rir polo baixo cun cibersofista.  
Vemos perseidas na aira, pegadas en Laetoli,  
enigmas tesos coma pao de freixo,  
maquinarias coma radiolarias belísimas e nós, cheos de fluídos...

e o puzzle desfai.

Que levante os cables quen non se sinta fóra de tempo algunha vez...

Do inédito *curiosidade*

## Estíbaliz... Espinosa

chíos de @criaturamecanic

\*

Pregúntome se queda algún tipo de paraíso que non sexa fiscal

\*

As 3 Parcas *tamén* cosían para Zara

\*

En cambio, pedídlle peros á alma. Sempre os dá

\*

Algún día, a través do famoso «teito de cristal», veránsenos as bragas

\*

O papel = mutación xenética da galaxia Andrómeda

\*

Libros que sen sendo unha persoa e se relén para caer na conta de que xa somos outra

\*

Día das letras, ciencias, dispositivos, insultos, axentes químicos, ecuacións fractais, galaxias infernais, partículas elementais... galegas

\*

Que fermoso o non amor. Coma cando nenos

\*

Hai por aí un *quéseieu* cun *nonseiqué* que *euquései*

\*

En fin, fagamos do amor un pandeiro

\*

O día menos pensado debe de ser a noite

\*

Somos un pouco *ninsesabe*. Somos o terceiro decimal de pi empezando pola cola

\*

Cromosomas. Cromosomos. Cromosemas.

Cromosumas. Cromosimas. Cromosimios

\*

Trilobyte: unidade de almacenamento de información fósil

\*

Nas cidades o ceo non serve case de nada. É un teito máis

\*

Sol de xaneiro.

Chisco os ollos nun xesto

do meu irmán

## Helena Villar Janeiro

### Memorial das Vítimas

#### ÓSOS

Levouno a catropea a man armada  
arrincándoo da casa como a esa viga mestra  
que terma do edificio.

Tiroteado,  
intentou despedirse con escrita de sangue  
na pel dunha nogueira á que abrazou  
para non morrer só.

Tirárono na zanza e foi espíndose  
ata chegar a unha aramiada de ósos  
mundos igual que pedras.  
A caixa daquel peito  
perdeu un día o derradeiro aire  
que se elevou da gabia  
como elexía que espaxe o vento.

Florearan á beira da cuneta as margaridas brancas  
que medraran en terra de cadáver  
mais ninguén sospeitou cal era o esterco.  
E, en canto a terra asimilou os ósos,  
callou definitivamente xa no olvido.

Inda aos seus asasininos  
os honraban coroas de loureiro.

#### BOTAS

Despois de tres disparos que as fixeron tremer,  
as botas souberon que perderan,  
a calor que dá o trote aos pés dun perseguido.





Xa pechadas nun foxo,  
souberon que perderan, aos pouquiños,  
as células da pel que custodiaban,  
da carne  
e dos tendóns.

Na súa fixación á terra dura por tempo sen medida  
esqueceron os ósos que gardaban,  
—astrágalos, falanxes—  
suxeitos aos artellos.  
E soubéronse  
elas mesmas perdidas na humidade barroza.

Xa non tiñan lembranza  
cando as recuperaron coa osamenta  
e se moveron en segunda vez.

Así desmemoriadas  
son Historia.

## LUGARES

*Terribilis est locus iste...*

No castelo batido por un mar que acompasaba o ritmo  
aos vergallos que atizaban dentro,  
soaron berros longos que souberon  
recoller as buguinas e as entrañas das pedras.

¡Canta dor cobre o olvido  
mentres os mortos cruzan o luar  
brillando como nácar a sol pleno!

Se oiramos as voces que esterrexen,  
se a memoria abrise o labirinto  
que nos conduce a tanto masacrado,  
leríamos as listas deses homes como versos dun salmo  
e unha figueira vella  
que aturou extramuros todos os vendavais  
volvería dar sombra  
e figos doces.

## Jesús Castro

### Sen título (Atlas)

*A Félix González-Torres e Ross Laycock*

1. hic sunt aves  
en canto imaxinamos vive un dragón  
en todo o que soñamos voa un paxaro  
ao acordar xa perdemos os seus trazos  
deitámonos á sombra dun Ícaro enloitado  
que nos aloumiña demasiado rápido

2. balada da fragilidade  
devece por beber a saliva do outro  
un home castigado polo seu propio desexo  
flaxela o mar para domesticar a sede  
a súa boca unha cama baleira e desfeita

3. monumento ao amante moribundo  
quixen poñer un chanto  
en cada lugar onde non fose amarte  
fíxeno  
naceu o aire

4. eloxio  
cando morra o último paxaro caerá o ceo  
así se retratan amarrados á súa liberdade  
así veneran a perda os amantes perfectos

## Jesús Castro

### Canción do 18 de agosto

Sementes e montañas  
dormen tan lonxe...

*Aló,  
como de grandes son as  
palabras?*

...que hai na súa sombra  
o mesmo esforzo.

*Lonxe  
é o tamaño dos  
mortos.*

A noite fala camiños.  
Alguén busca unha maneira  
de medir os seus ecos.



## Jesús Castro

### Xacinto

Sobre da mesa  
unha botella —sen nada.  
Quen coma o cristal  
que coida e terma  
                          —sen fala  
...tan fácil! a disposición  
          dos abocados á paciencia.  
Abre un xacinto:  
o sol golpea hoxe  
                  coma un gran disco  
lanzado con forza dende si mesmo.  
Se mente  
                  non son quen de velo.  
Pecho os ollos, admiro  
a súa quietude  
                  regresando, azul.  
Fago que me resulte complicado  
          que me resulte estraño.

Dentro da botella  
unha flor —case todo.

## Lucía Novas

### Alfabeto

Abelorios, ave (do Paraíso), arroz, Amelia, almofadas, alfaiate, Almada, améndoas, Burbullas, Bicos, bágoas, Baixa, begonia, Brasileira, botánico, Byron, brancura, Carmín, chapeus, charón, *chá*, chocolate, crisálidas, caixa (de música), *cenoura*, cristal chinés, *carruagem*, cisne, cinema, chafariz, De, Delmiro, dourados, *Dalaiama*, dozura, Daniel, doa, dama, dinosauro, denosiña, dedal, Ébano, Eduarde, elefante, encaixe, *escadinhas*, espiga, esgazar, esquío, El-Rei, espello, Furna, fado, Fornelos, flor, fenicios, fibela, figueira, fentos, fascinio, folla de lata, Gatos, gancho, *greve*, gaiola, Gaxate, Guende, glicina, Herbáceos, habitáculo, harmonía, hedreira, hélice, helmo, hemisferio, hipopótamo, humidade, Ilusións, idilio, Idade (de Ouro), Ítaca, iniciático, Lizgairo, liberdade, Lisboa, labirinto, león, Lago, limón, lord, *lícias*, Mulime, merenda, *marfim*, mitoloxía, madeirame, Mouraría, manuelino, María I, Marceneiro, Noces, Narciso, niño, neve, noivado, navegantes, níveo, Norte, Ouro, ollos, Olissipo, olor, Odeón, oso, ostra, oseira, océano, Porcelana, plumas, *pêssegos*, *passarinhos*, periscopio, palmeira, paixón, periquitos prateados, Páscoa, pau-santo, pegas, pombal, *peessoa*, paspallás, Reloxo, Rossio, rumor, ruína, rúa, rinoceronte, Seda, seis, sereas, stuff, Solamar, sémola, sésamo, Sintra, Simbad, sebes, Sebastião, Strauss, suíza, Sur, Teas, tritóns, té, tinta, tapiz, termas, tesoiras, trufas, Texo, transparencia, tranvía, tear, traverso, tule, Unicornios, unión, Ulises, Vidros, variable, vivenda, veludo, verniz, visión, velame, Xiz, xabre, xesteira, xardín, xacinto, xade, xaneiro, Zapateiro, zume, zugar, zoco, zócolo, zafiro.

## Manuel Darriba

### Cidades, plantas

É iso: a folla seca  
Consumíndose en boca

Baixo pontes abertas á luz  
Trasladada a tensión  
Ao reverso

Onde estoupan sementes de orquídea  
\_sol chovendo na orde  
de mirtos e estatuas\_

*Sirve entón un asfalto crocante á medida dos corpos*

Se cadra á hora en que as raíces  
Se decidiron a reptar  
Sen control

*Por suposto que a cidade  
É pura decadencia*

Nese punto onde a alba acaricia  
O envés do vivido.

## Manuel Xosé Neira

### Montale II

«Como escribir? —Sempre con temor. Triunfarás!». O incógnito  
William Blake. Montale: (o «hermético», —conceptual—, anti-retórico).

: Canícula de estío —destruidora de hortensias, igualiño ás xeadas—  
agardábante as xentes como a xesta agarda a chuvia pra arrecender, prá  
non ignición montesía, mesetaria digamos.

Tempo inadecuadamente ledó, indigno case, falseado, falsario,  
mitigado como ofrenda, ofertorio na memoria, en terrazas  
de fluída cadencia,  
tipo Van Gogh.

As luces das tabernas, das terrazas, calmas na noite  
o anti-neve de Sysley—  
coma unha viaxata á «cidade mental» de Carlos Barral,  
á luz augural, epifánica, epigónica...  
en que o meu desterrado, exiliado corazón,  
(Adama) ou corazón de terra nunca desterrado, non gusta da mentira.  
Solerte corazón, soleste, si claro, ou máis mellor «mente»  
solerte nunca destemperada, nunca destemperada, mais clarísima.

Tardes de chorrizo de pínegas, ausentes da chuvieira  
e bolboretas mariñas, bailarinas, todo pura lírica,  
empalagosa casemente, case a penas nada.  
Polo influxo das malditas bolboretas literarias.  
(Soamente, a soas, a bolboreta-china tipo Pimentel).

—Un intenso perfume de rosas  
flotaba entre as ruínas da tormenta—.

Escribir o mínimo posíbel, o preciso, necesario,  
coma un gentleman de outrora, de antano,  
un pouco como estratexia, estratexema,  
estratexia para cubrir o puzzle ou colaxe modernos,  
mormentes de expectativas na «Clarísima cidade mental» de meu.

Escribir porque «Si» (non «porque me gusta e peta e dáme a gana»)  
mas polo «si», polo «non», non polo «quen sabe»...  
Un pouco shakespeareano todo: entre o «ser» e «non ser».  
Escribir moito coma Leopardi, publicar pouco hoxe é un trazo,  
unha marca de estilo  
—o grand style benetiano—  
«siempre mañana y nunca mañanamos». Pepe Bergamín.

Teimei con firmeza bater coa alegría natural  
(espiritualmente desbordante) das terrazas  
do verao en Van Gogh, neviña plena de harmonías  
soamente en equilibrio nas terrazas  
de Sisley. Van Gogh pintaba a «loucura» de luz artificial  
soamente en equilibrio nas terrazas  
(Ver o influxo dos lampións de Van Gogh en Picasso, no «Gernika»,  
e nunca, non, en doentíos abetos convulsos, enfermos).

Canícula estival, agardábante as xentes como a xesta agarda as chuvias pra  
arrecender. Prá non ignición montesía.

### Epiderme

*Ma dove sei, dove ti sei mai persa?  
«È a questo che penso se qualcuno  
mi parla di rivoluzione»  
dico alla vetrina ritornata deserta.*

VITTORIO SERENI, *Appuntamento a ora insolita*

0.

Hai zonas da cidade que son maxias  
buracos dun encontro nunha festa  
deixar vibrar os tiles nas conversas  
o son do afastamento nunha copa.

De súpeto  
quedamos tras seis meses.

1.

Catei as horas en tres  
vasos de viño  
ti Albariño  
eu Godello  
así puxemos máscara ao pudor.  
Pasamos a falar rápido das artes  
analóxicas as vidas derrubaban  
nas túas películas, sinto a ferida  
polos fotogramas da morte  
nos retratos das plantas, eu suspiro  
e deseño tangos en proxeccións  
que ti chamas hologramas  
dos ocasos nun parque ao labirinto.

2.

Mirámolo todo dende unha fiestra  
e escapamos na procura das raíces

da única oliveira á miña terra  
descubriches en dúas palabras  
apertas grandes  
e a soidade que se proba en pensar  
nas distancias de setembro o que queda  
un recordo de como nos cruzamos  
nos cadrados da praza fica o xogo  
inmortalizar a pegada en cada pedra  
sen medo á sucidade do futuro.

3.

Era unha noite de cans  
e gatos achegaban as súas colas  
ti dábaslle sentido a estas caricias  
«somos boa xente» repetías  
e frégome aínda contra as túas verbas  
porque sempre se prefire a materia  
á ética opoño a calor do corpo  
e os discursos esvaran nas túas pernas.  
Afastáchelos nunha pirueta  
e seguimos recollendo cada letra  
no camiño que leva á oblicuidade  
da estrutura admirar a resistencia  
nas lentes dos arcos unha luz fonda  
confunde o son do Sar co da autoestrada.

4.

Desta época axota a velocidade  
e axeitan as paradas das lecturas.

«Só sei que mentres digo estas palabras  
en volver a verte cifro a esperanza».

E aprendo máis das letras que da espera  
das grises tardes en xuño as cansas gotas.

Ensináchesme como prohibir á opacidade  
o decoro do toque no rodar con firmeza.

A rosca fotográfica non me saía doce  
porque na brétema non vía os teus beizos

vermellos lumes que conducían as liñas  
dunha canción vencida nunha igrexa.

5.

«Sentes o palpitar da costa?»  
confúndesme a min que son de outeiro  
encastado entre mares que fumigan  
drogas que circulan en certas historias  
de abandonos, disme, «viviron moitos»  
e non entendo dos espazos o maltrato

— —

desentendementos de políticos ou parentes  
doutro mundo é a alucinación ou o don  
dun bico pór o selo a estas fendas  
onde os teus labios translocen a dor do infinito.  
Nunha rima en cadea sentes o esvarar da terra  
de quen pisa o teu mapa con fragmentos de amor  
epidérmico, dás a definición  
porque na superficie a flotar me deixas.

6.

Unha poeta deixounos hoxe  
un sorriso na puntualidade do saúdo  
e historias que ás pobres orellas  
da chegada parecerán increíbles.

A promesa do naufraxio, aquela vida  
é o teu conto en bici por Mallorca  
hai catro anos e milenaria. Neste xiro  
ofrézoche a auga de Aretusa e o teatro  
moverá envexas. O sono en xullo  
collerate e imprimirate nun eterno  
que non coñecerás pero che pertence  
a viaxe deste verso sen nome.



7.

«E cando morra, córtalo en pequenas estrelas»  
así saberás o valor dos afectos  
que peso ten falar de continxencias  
a unha amiga estar contando os medos  
e as expectativas collen forma  
de riscos maquillados nas distancias  
de cidades e retrocesos a nosa cura  
é o seguro que calcula  
dunha semana de amor a sorte  
e a dor do capital humano.

## María do Cebreiro

### O sangue

A muller esperta no medio da noite, no intre no que alguén di:

—Pínchate cunha agulla e dime de que cor é o teu sangue.

—O meu sangue non é nin azul nin vermello, responde ela.

Despois vai reparando lentamente en que non hai xeito humano de ollar sen que ninguén te olle. Ao día seguinte soña que come pedras e que non son malas de tragar.

Que camiña de noite, serena e espida, como as mulleres dos cadros de Delvaux. Que alguén deixa un pano vermello debaixo da almofada e por iso é quen de ver o rostro do seu futuro amante, e os dous dan condensado nun segundo do soño o tempo da súa vida, e aforran case todas as caricias e todas as conversas. O sangue é escuro e espeso, ten a nobreza das substancias sólidas, unha nobreza que —case exclusivamente pola cor— adquiren tamén certos pigmentos e os pousos do viño. A diferenza das nais, ela concédelles cadanseu espazo ao sangue e ao seme.

Sabe gozar da potencia infinita desa división, e ao separar cada un dos espazos, na práctica libéraos. Por iso desconfía dos poderes sagrados da lactancia, ao tempo que reconece a participación do leite na potencia do trigo. O deserto é infinito e os fillos non son vosos. Por iso ela non ten medo, e de noite, entre o soño, alguén sen rostro pero non ameazante (unha presenza amiga) aparece para que non esqueza que os humanos non somos animais da razón nin animais da fala. Somos animais da ruptura, da discontinuidade temporal. Capaces de querer calquera cousa que queiramos con toda a intensidade posible en cada instante. No trígono de lume que as estrelas compoñen para os dous ela pon un imán e a flor do trevo. Procurará a súa imaxe nas singularidades, nesa pinga de sangue que aquela voz sen rostro lle ordenou extraer durante o soño. E a voz sen rostro de día volve ao corpo, e ela comprende que felizmente ningunha posesión volverá ser posible, e non quere nin que el a desexe nin que a lembre, senón que siga vivo na calor da súa pel, tal e como ela soña que nace no seu corpo a cada instante.

### proxección

a cidade habita no ceo dende a ventá  
proxección diédrica no plano da realidade

pregúntanos que é o mundo  
se eu contesto que o enche todo  
nunca estarás satisfeito

mete os dedos entre as físgoas da madeira  
pon a cuña que faga a luz  
así vexas que

a desaparición entre as dicotomías  
fixo ouvear o mundo en posíbeis

alá no plano último non se presta a dialéctica  
e ver a contradición é tamén sela

constrúe cos ollos pechados  
a tentas para que  
todo o habitábel remate en descomposición

recordando que a narcolepsia  
se fai mortal alí onde a auga é horizonte

## María Vilas

nacemento de vello

a capacidade de reconciliación  
é a batida inmundada de todo aquilo que se explora

a cuestión continua da construción  
non se transmite

a cuestión da construción  
é a nosa loita de direccións no novo territorio  
caemos sempre unívocos á liña nun chan que é sempre  
terra versátil

aquela circunstancia vital común á parte anacrónica dos nosos semblantes  
a mesma limpeza cuestionada cando

o trigo cribado cae

ao chan

### ritual

somos o vello animal famélico desprazado do medio  
cando o salvaxe rexeita a civitas  
erramos a consciencia en favor de vida ao mundo

a mensaxe non saíu do centro  
a mensaxe desprázase cara a el

mentres ela transita en despregue  
nós camiñamos sobre as curvas  
embriagarse de brillos na expresión crendo en salvarse  
sabendo que a maior carencia  
periferia sen veo

a mensaxe é sempre máis rápida ca nós e

o punto central exacto  
reafirma





## Marta Dacosta Alonso

### Arte poética

mesturamos palabras  
buscando nos seus pregues unha sombra  
*oculta persuasión* da dor que nos dobrega  
e non hai metáfora, nin ritmo  
que poidan soportar o que esbozamos  
escuramente entre sílabas e pausas

porque o poema nace  
coa lanza cravada no costado  
e vai desangrándose  
aos poucos

dobregamos o espazo  
as liñas invisíbeis en que trazamos  
a escura caligrafía que pretende  
pór nome a isto que sentimos

rodeamos con versos  
o que estamos pensando  
até cercar a emoción entre as paredes  
dun poema que non se reconece  
mudo e torpe  
sen música, nin corredores  
que nos transporten ao cuarto da esperanza

porque ás veces  
non hai sombras, nin metáforas  
nin símiles, nin sílabas,  
nin ritmo  
que poidan pór lle nome á dor  
cravada no costado do poema



porque precisa da palabra unívoca  
a imaxe inconfundíbel da derrota  
a traizón, a disidencia  
a dimensión exacta do dominio  
esta lousa que na alma pesa  
até afogar a voz e mutilarnos

ser porcelana escachada  
conxunto de anacos de canto cortante  
provocación para a ferida  
arxila irrecoñecíbel  
nas faragullas esmiuzadas  
po  
que penetra as cortinas da consciencia

a lanza cravada no costado  
que vai desangrándose  
aos poucos

## Olalla Tuñas

### A casa

*De la lejanía en donde  
el olor de la tierra es otro*  
PABLO NERUDA

Hai un cuarto nesta casa  
que ule á grandeza das ribeiras.

Ten os muros de area  
e no eco vén o fatal mar  
nun bramido terso e afiado  
que detén todas as nosas conversas.

A diario séntese o rompente  
da marea nos cantos da casa  
discretamente  
coma un batallón de ameixas  
respirando baixo terra;  
e o sucesivo bruar dos piares,  
feitos para soportar  
magnitudes sete,  
acariciados polas fortes correntes.

É unha pequena chalana  
ancorada a unha cerdeira,  
en verdade,  
chea de diminutas manchas coloradas.

Sempre acostumamos tomar o café da mañá  
con cereixas  
que agarramos pola ventá.

E a cerdeira sempre amence  
tornada e espléndida  
polo peso dos seus froitos sangue  
en contraste coas cunchas escuras no chan.

Os amantes do espellismo,  
belas, libres, desertores, titiriteiros  
e migrantes  
habitaban a casa.  
Era fermoso ver os seus saltos espidos  
á feroz corrente.

Bébese viño na platea  
ata gañar inconsciencia e tornar uva madura.  
As camas fican molladas de madrugada  
polas pingas que traen as pulgas, invisibles.

Nesta conca asolagada,  
o pan sempre é salgado  
e a xente ten os labios rotos  
nun vermello deserto.

Dende que teño recordos,  
o ar deste xardín,  
pesa coma a auga.

## Paula Antía Rey Baliña

I.

agora que podo mercar  
e vender os corpos  
renego de ser paradigma  
—mestúrome co óxido—

porque todo o gas colle  
nas miñas mans de nífula  
coas que versifico  
as historias escritas  
pola dinastía anterior:  
agora risco todos os nomes  
das paredes  
—os policromados non se prolongan no tempo—

TAN INDÓMITA QUE ME DOIO

II.

agasállome aos vaticinios:  
os campos que se estenden  
ata o horizonte  
son lugares de encontro  
onde correr cos nenos da aldea  
durante os veráns

sigo tendo a cinza  
na pel,  
mamá xa non aclara  
estas escamas:  
supoño que teremos que medrar  
—desaprender todas as palabras  
e xa non ter cóxegas:  
portarnos ben—

pero o caso é  
que os que lean estes versos

non saberán estes xeitos de amarme  
nin coñecerán esta peste que me invade  
ao respirarme en cada poro  
agora que esta xinecocracia  
deixa que verse este arroubo:  
ESTÓUPOTE.

### A embazada dor das xanelas

O perfil da dor  
é un espellismo  
de rostros dondos  
que bordean os deltas,  
sedimento de ameazantes dioivos  
e acedos reverberos rotos.  
Un presaxio de circos consumados,  
inescrutábeis faces do beixo entre a tebra  
tras a lámpada que acende  
os vidros de lonxincuas formas e artesas.  
Demorei  
na tarde calada  
unha rosa alta,  
unha frecha de púbere paixón  
no fondo da miña alxaba  
de cervos de abril  
que me habitan  
na espiral dos bosques  
que circundan as illargas.  
Eu sei que os barcos  
se perden no ocaso.  
Eu sei que os cisnes  
se derruban en sombras  
sobre as augas en tránsito.  
Eu sei  
e ben quixera non saber.  
Por iso ando a desembazar as vidrazas  
da tarde e o seu roibén cifrado  
con substantivos nomes  
para unha efixie diáfana  
de epítetos transmigrados.

### Regreso

Lerna recolleu a súa mochila e mirou arredor. A vivenda estaba xa baleira, non sendo un par de mobles que xa eran para quedar alí. Que tortura son as mudanzas, pensou.

Daquela saíu Miro do dormitorio dicindo:

—Mira! Esquecemos isto!

Amosaba na man un libro e unha película en DVD.

—Ben, e que? —preguntou Lena—, arrómbao nunha caixa ou na miña mochila.

—Non, non. Mírao ben. Pertencen á Biblioteca Municipal. Esquecemos devolvelos. E mañá vence a data. Que mal.

—Si, que mal que hoxe nos mudemos de Regensburg.

—E hoxe é domingo e a biblioteca está pechada.

Case todos os sábados a parella acudía á biblioteca. Ó comezo, cando ambos case non dominaban o alemán, tomaban empréstados libros infantís e banda deseñada para ir aprendendo aquela lingua, entre fascinante e hostil. Máis tarde xa collían libros de adultos e películas.

Era un entretemento barato. O teatro, as discos ou os xardíns da cervexa eran demasiado caros e o tempo libre demasiado curto. Mais aprenderon axiña que a cidade tiña moito que ofrecer de balde. Por exemplo, pasear. Camiñaban horas sen rumbo fixo pola Cidade Vella ou polo Parque Municipal. Lían libros á beira do Danubio e máis tarde na casa bebían unha cervexa de trigo e miraban un filme da biblioteca no ordenador. En ocasións tamén ían ós tradicionais cines da Cidade Vella, pero as máis das veces paseaban polos rúes do casco antigo, a Porta do Leste, o Matadoiro e outros barrios ignorados polo turismo. Sentíanse como exploradores. A cidade estraña fíxose pouco a pouco familiar e ía revelándolles os seus segredos.

Lerna preocupouse por Miro. Construíra nese tempo unha forte conexión con Regensburg. Agora abandonaban a vivenda e a cidade. Unha nova vida comezaba.

Miro dixo:

—Seguro que nos multan.

—Segurísimo. A Policía Internacional Bibliotecaria. Veña, Miro, ho, non é para tanto. Podemos devolvelo por correo.

—Xa. Claro —o home fixo aceno de dicir algo, pero calou—. Veña, temos que marchar.

Ía frío fóra. Corrían as últimas semanas do outono. Xa non vivirían ningún inverno máis nesa cidade, decatouse Lerna. Chegaron en silencio ó coche, cheo de vultos ata riba. Por suposto, non era todo o que posuían, o resto enviaríase máis tarde.

O sol da mañá iluminaba debilmente os tellados. O día comezaba e tiñan un camiño longo por diante.

Antes de entrar no coche Lerna dixo:

—Xa o temos falado. Queríamos volver, a morriña... e agora esta oportunidade no país, preto da nosa familia...

—Xa o sei. Quero volver, non me entendas mal. Mais, malia todo, vou botar isto de menos. Que parvada, non?

—Non. Non é unha parvada.

Miro abriu a porta, pero Lerna dubidou un pouco e dixo:

—Fagamos unha cousa: imos pola Ponte de Pedra ata a Haidplatz e botamos as cousas na caixa de correo da Biblioteca Municipal.

—Seguro?

—Pois claro. Un último e rápido paseo. E logo marchamos.

Miro pechou a porta. Sorría.

—Vale. Pero lixeiros.

—Veña. Bulindo.

*Galardoado na súa versión orixinal alemá no  
Certame Regensburg-Aberdeen, promovido por ambas cidades  
e publicado no volume Passages en alemán e inglés.*



## Iria Morgade

### Espellos deformes

*Espellos deformes.*

*Repetiuo,*

*Espellos deformes*

*Mastigou as palabras, saboreándoas, espellos... deformes...*

*Si, soa ben*

*Soa atractivo*

*Soa contraditoriamente intrigante. Demasiado obvio, e á vez coa perfección dun adxectivo que encaixa paradoxalmente co substantivo.*

*Pero que dis? Eu non lle atopo senso ningún, espellos deformes? Coma os dos circos, dis? Eses que te fan gordo ou alto? Engurrou o cello, querendo parecer máis interesante, ou máis intelixente. Tarefa complicada.*

*O que fas ti cando te miras ao espello polas mañás, a iso se refire... murmurou outro. Mentres lle daba outra calada ao cigarro que tiña entre os dedos da man esquerda.*

*O Clube dos Sabios dos Títulos non parecía pórse de acordo.*

*Para algún era o título perfecto, para outros demasiado insubstancial, con garra ou, pola contra, sen maxia ningunha.*

*O escritor continuou atento á conversa do clube, á súa deliberación ante a proposta que levaba hoxe.*

*Mateina, mateina!*

*Unha voz berraba mentres os seus ollos se movían violentamente dentro das súas cuncas, parecendo que en calquera momento sairían despedidos.*

*Mateina, repetiu a voz unha vez máis. E os latexos aceleráronse na gorxa, parecía que as veas, ou as arterias, que carallo sabía el, racharían pola presión do sangue en calquera momento.*

*Mateina...*

*Quería chorar coma un neno. Alí, metido no ascensor, que non paraba de subir, pero que tardaba. Tardaba tanto...*

Hostia. *Mateina, mateina*, a desesperación íase apropiando del. Esquecera calquera outra palabra, só podía repetir esa, unha e outra vez. E coas repeticións ía perdendo sentido. A quen matei? Matar? Como ía matar eu? Eu? Quen son eu?

Pero a voz só dicía *Mateina*.

E as preguntas non chegaban a formularse.

A voz berraba agora, pero el seguía sen emitir son ningún. Pasou as mans pola cabeza e a humidade do sangue anegou os seus cabelos.

Mirou a palma das mans confirmando aquela voz, e a súa incesante confesión. O sangue, tanto... era imposible! Que fixera?

Apareceu entón aquela imaxe, as puñaladas no peito.

*Mateina.*

Xa non había peito, aquel fermoso peito.

Soamente sangue, sangue e entrañas, viscosas, espaxadas polo chan.

Non recorda as puñaladas, só as súas mans tentando meter dentro dela todo o que saíra. Todo o sangue, os tecidos, a súa alma...

*Mateina.*

Levantou a vista. Agora era el quen o dicía. Confirmaba o feito con aquel recordo.

*Mateina*, mirou cara á fronte e atopou na parede do ascensor o seu propio reflexo. No espello.

Quedou un tempo mirando cara a el. *Mateina...*, cada vez soaba máis baixiño. Achegouse e tocou coa man o seu reflexo, quedando quedo, co sangue da man pegado contra o cristal. Cos latexos volvendo ao seu ritmo normal, coa agonía da realidade macabra soterrada no reflexo deformado dun home. El. Que fixera o que tiña que facer. Que soamente fixera o que debía facer.

---

Aínda soaba a radio, ou a televisión. Non se pode ver dende aquí, dende o reflexo dun espello roto no chan do salón. Entre os anacos estalados distínguese o corpo, quedo, naquela postura imposible, co mandil de amordos aínda sobre as pernas. Un retrato familiar colgado ao fondo. Agora só obxectos violentados no reflexo que deixa o espello. Esnaquizado no chan.

## Iria Morgade

### Gadoupas

Tiña frío, tiña medo. Intentou concentrarse en escoitar as voces fóra. Respirar fondo e esculcar no silencio os murmuros aterradores dos que o buscaban.

Aqueles retortos sons dos vellos bisbando, das subidas e baixadas no timbre das súas voces ao ritmo da súa discusión.

Ao pensar niso comezou a tremer, tremores que se converteron en espasmos. Que o delatarían se continuase así.

Respira.

Fondo.

Pero podía respirar?

A fragilidade da súa propia existencia golpeouno. Quixera volver ao seu pasado. Aos agasallos, ás caricias, á ledicia do descoñecemento. Á seguridade de sentirse vivo, de sentir que existía. Porque... existía?

Tocouse, sentiu o tacto das diferentes texturas do seu corpo coa súa man e quixo convencerse de que si, de que estaba alí, aterrado polos vellos. Por aquel grupo de seres engurrados que parecían apalpar na escuridade, guiados quizais polo seu olor.

Se ulía, existiría?

Volveu á postura anterior, facendo un nobelo con todo o seu corpiño. No armario do soto da mansión. Non había máis abaixo, non puidera baixar máis. Gustaríalle arrincar as táboas do chan, que houbese terra e escavar coa súas manciñas. Faría un túnel ata outro lugar, ben lonxe. Arrastraría o seu corpo por un angosto burato, pero chegaría ao destino. E vería o ceo, amplo, azul, todo para el.

Polo diminuto espazo entre a porta e a fechadura albiscou a sombra dun dos vellos. Chegara en silencio, estaba só. Onde quedara o resto?

O medo petrificou os seus músculos. O frío aumentou, coma sempre que os vellos se achegaban. Xa non eran cálidos, as máscaras fermosas que un día os cubriran desapareceran. E alí estaban, os vellos, de engurras profundas, de narices angulosos, de costas encurvadas, buscándoo con desesperación. Querían atrapalo. Non podía deixarse coller...!

A man alongada, cos dedos retortos que remataban nunhas unllas ennegrecidas e curvas achegouse á porta do armario. Viuna polo oco da fechadura.

Xa non podía escapar, non había máis abaixo, non había terra na que poder escarvar, non había túnel, nin ceo, non había salvación. A esperanza abandonáralo había tempo, cando descubrira os rostros momificados dos que unha vez o agasallaran con mil promesas, cun futuro de ceos infinitos.

Despois da esperanza chegara o instinto de supervivencia, que o fixera correr, saltar, berrar, golpear. Con el lograra escapar das fauces dos vellos sen dentes.

Ata ese momento.

A cámara lenta pasaron pola súa mente as secuencias anteriores a aquel instante, que parecía definitivo, que parecía o último.

Correra pola mansión, desesperado, entre cuartos que semellaban iguais, as paredes cor pastel, e no centro, como por arte de maxia aparecían mesas cheas de caixas de agasallos, como os que unha vez os vellos enmascarados con rostros de fermosas criaturas traían entre as súas pertenzas ao visítalo.

E correra, áxil coma nunca, coa camisa branca voando entre as súas pernas, demasiado longa agora para el. Todo a cámara lenta. Ás veces caía algún dos agasallos, dos colocados máis altos, en torres imposibles que chegaban ao teito. Esborrallábanse soamente co roce do seu corpo miúdo que cada vez era máis pequeno, porque cantos máis cuartos deixaba atrás, cantos máis agasallos caían ao chan, máis empequenecía el...

Os vellos posiblemente permanecesen quedos, facendo aparecer todos aqueles paquetes envoltos en cores vivas. Pero el seguía correndo, pasando de cuarto en cuarto. Cun nó na gorxa que non o deixaba berrar, que mantiña aquela agonía infinita nun silencio caótico, maníaco. O silencio da tolemia, da maldade dos vellos desenmascarados.

E agora estaba alí, fora quen de deixar atrás os cuartos cos agasallos, de evitar aos vellos, de agocharse naquel armario, lonxe dos seus murmurios. Ata que chegou aquela tétrica man. Pechou os ollos preparándose para o final.

---

*Xusto nese momento un arrepío percorreu o mundo real. Fora coma unha corrente de electricidade diabólica, pasando a través de miles de instantes, de mans collidas, de caricias no peito, de bicos que aínda non esvaraban, de promesas compartidas. Un arrepío que ameazaba os sonhos dun mañá común.*

---

O vello ulía a súa presenza, as súas esperanzas esnaquizadas. Aínda conservaba os anacos, podería reconstruílos, volvelos alimentar con agasallos

imposibles. Coas promesas das mazás que saben doce mentres o veneno avanza pola boca, pola gorxa, polas entrañas...!

Sorriu coa súa boca sen dentes, cos seus beizos sen carne...!

Abriu a porta do armario, descubrinto o corpo empequeneado no fondo. Apenas podía verse xa, era tan miúdo, tan pequeniño, tan miserabilmente desprezable... Pero tan importante...!

Un tesouro inesgotable, o segredo que manter oculto entre agasallos e ceos de mentira.

Achegouse de vagar, na man fixo aparecer unha mazá, moi pequena, do minúsculo tamaño axeitado para el, agora, tan deteriorado...

Sorriu de novo, sen disimular a súa maldade. Alongou o brazo coa mazá vermella, apetitosa...

Embriagado pola sensación de poder, o vello non sentiu entrar ao outro vello, co nariz aínda máis revirado, coa cabeza cuberta por un manto negro e desgastado. Dun golpe certo empurrou ao primeiro vello cara ao fondo da pequena estancia. A mazá diminuta saíu despedida, perdéndose na escuridade do soto.

Detrás do vello do manto negro apareceron outros vellos, non se podería dicir cantos, quizais cinco, dez, vinte?

A pequena luz que desprendía unha lámpada bambeante no teito desapareceu entre as sombras dos seus corpos curvos.

A visión da pequena figura no fondo do armario avivou os ollos de todos e cada un dos vellos, que se miraron, recoñecéndose como inimigos, rompendo o pacto que os levara ata alí.

Comezou a loita, el só albiscaba sombras engulindo a outras sombras, e os murmurios convertidos en berros agudos, violentos.

Pode que se equivocase, pensouno dende o fondo do armario, aínda co corpo abrazado contra si mesmo. Pode que aquel non fose o último instante, o momento definitivo.

O medo aterrador de ver a morte avanzar inexorable, veloz, foi dando paso a outro tipo de medo. Un medo desesperante, que se estaba a instalar no peito, convencido xa de que alí permanecería moito, moito tempo. Quizais para sempre. Para sempre. Un tempo cíclico e eterno no que fuxir dos vellos, no que intentar escapar das súas gadoupas fantasmagóricas.

---

Tusigou antes de comezar a falar, de que as palabras brotasen unha tras outra, sen deterse. Diante súa só cámaras e luces, máis atrás, case xa na escuridade os ollos dos xornalistas esculcábano dende a distancia:

*—Estamos hoxe aquí para anunciar o acordo que ha de levar os nosos países a un futuro mellor. Un acordo que soamente pode lerse en termos de riqueza xerada, de creación de postos de traballo, meus queridos concidadáns. —Fixo unha pausa dramática, todo ensaiado ao milímetro— Por iso estou orgulloso de poder dar esta nova que suporá un fito fundamental á hora de entender as relacións empresariais. Os nosos gobernos, sempre en aras da defensa do ben común, firmarán hoxe este tratado histórico, apoiados pola confianza dos vosos votos, representación clara da plenitude da nosa democracia.*

De novo tusigou, dando por terminado o discurso. Encamiñouse cara á dereita onde o resto de homes e mulleres, vestidos con traxes case idénticos, o esperaban para comezar aquel acto simbólico da firma do anunciado documento.

As cámaras tamén o gravaron, lonxe tamén os ollos dos xornalistas, que xa non esculcaban, que buscaban agora o mellor titular para aquela nova.

«Acordo histórico»...

«Traballo e riqueza, unha firma para o ben común»...

O xornalista sorriu, xa non atendía á firma, ás caras riseiras dos que asinaban. Imaxinou as grandes letras que ilustrarían aquel titular. «Para o ben común...» Musitou orgulloso...

Mentres na parede do fondo, máis alá das cámaras, dos xornalistas, da mesa da sinatura, dos homes e mulleres, gobernantes do pobo, entre a escuridade que deixaban as luces intensas dos focos, podía verse a silueta dunha gadoupa, unha man torta e esquelética, que dende a distancia rozaba coa punta dos seus dedos engurrados toda aquela escena.

Podía verse... Podería verse se alguén reparara nela.

*Mentres el seguía no armario, co seu corpiño miúdo empequenecendo cada vez máis.*

## Irene Maquieira

### A lenda da indomable

#### PERSONAXES

*Arturo, home maior duns 70 anos.*

*Luke?*

#### UN SÓ ACTO

*Unha estancia dunha casa. Na parede do fondo, unha ampla galería con vistas ao mar. O ceo está gris e, nos cristais, as pingas dunha chuvia lene dificultan as vistas. Baixo os cristais, un sofá no que hai unha chea de roupa desordenada que o cobre case por completo.*

*Na parede da dereita, unha cama de matrimonio (xa sen roupa de cama) sobre a que hai unha maleta de coiro marrón aberta e case baleira.*

*Na parede da esquerda está a porta da estancia, aberta. Á súa dereita, un mapa antigo colgado na parede. Na confluencia desa parede coa galería, un estante moi alto, coma o teito do cuarto, cheo de libros. No andel máis alto, case tocando o teito, un peluche.*

*Na estancia hai, amoreadas, caixas de cartón de distintos tamaños, xa cerradas e precintadas.*

*Unha lámpada de pé, grande e antiga, é a única luz do cuarto.*

*Cada silencio está cuberto do son de ondas ao lonxe, gaiivotas e o pequeno martelar das pingas na fiestra.*

*ARTURO – (Subindo nunha escada, disposto a quitar o mapa colgado na parede). Estes xeonllos xa non son o que eran. Poderías axudarme. (Tentando alcanzar o recanto superior). A ver... Nunca fun eu moito de compás, pero este mapa... Fun máis de ir onde me petase, de poñer o norte onde me apetece en cada momento e, cando xa sabía onde estaba o norte, tirar cara ao sur.*







Mira que me custou cravar estas condenadas chatolas na parede, pero agora parece que teñen menos ansia por marchar ca min! (*Segue tentando quitar a última. Conségueo*). Vale, xa está. (*Rindo*) Pero que che vou contar a ti, se es cuspidiño...

(*Coloca o mapa enriba da cama e queda mirando para el*). Agora si: isto si que o levo. É como... É dicir, hai xente que necesita mirarse nun espello para comprobar que segue a existir, non si? Pois eu sen este mapa... (*Silencio*). Díxenche xa onde marchou? (*Sinalando co dedo unha zona do mapa*). Está por aquí. (*Silencio. Érguese e vai cara ao sofá*). Pois iso, que eu sen este mapa... que necesito telo á vista para confirmar que sigo cos pés na terra. Necesito poñer o dedo cada mañá nalgún punto deste vello papel e dicir: «Ah, estou aquí!» Estea onde estea, pero que sexa unha coordenada dentro deste rectángulo. (*Xa diante do sofá mirando todo o que hai sobre el*). Ti que pensas? Non sei que condicións haberá no barco ese. Isto vale para todo, supoño. (*Colle unha morea de camisas de cadros engurradas e vai cara á maleta. Comeza a dobralas e a metelas unha a unha*). A verdade é que a nena, Cordelia, si... ten ideas de bombeiro. A quen sairía, eh? (*Ri*). Creo que fixen mal en lle contar todas as nosas aventuras de mocidade a bordo de cargueiros mercantes. (*Levanta a ollada para dirixila en liña recta, cara á cabeceira da cama*). Esta vez non hai xeito de convencerte para que veñas? (*Pausa. Baixa a ollada*). Esta vez si que te necesitaría... Valerán pantalóns de pana? Levarei tamén un par de pantalóns curtos, por se acaso. Non quero levar moita equipaxe porque logo, ao chegar alí, non sei como poderei ir onda ela... (*Levanta a ollada cara ao peluche do alto do estante*). Na postal... (*Volviendo ollar cara á cabeceira*). Líchela? Por certo, que non me esqueza... (*Vai á mesa de noite, colle un cigarro do paquete que hai enriba, préndeo e aspira con ansia. Abre o caixonciño e saca unha postal. Comeza a lela e relela varias veces. Vai ao sofá e senta nun dos seus brazos. Segue a fumar. Deixa a postal enriba do resto de cousas. Mira ao alto do estante. Silencio*). Cres que fago ben? Se cadra debería levarlles aos seus pais a postal e que eles a traian á casa. (*Pausa*). Di que non os quere volver ver. Que non quere ver a ninguén da familia excepto a min. (*Rindo*). É tremenda! Que teimuda é! A quen che recorda? Cando se faga unha muller vai ser... Non vai haber home que poida con ela. Mira que ti e mais eu fomos tíos complicados de collóns para todo, pero esta non queda atrás. (*Silencio. Mira ao alto do estante*). Aínda é unha nena, Luke... Cando eu marchei da casa xa era un home, xa tiña a vida feita, mesmo demasiado feita, pero ela... Voulle levar un par de libros. (*Vai á escada, colócaa diante do estante. Subindo con dificultade*). Mira que non quería, porque pesan moito e non quería levar peso... Pero si. A ver... cales collo? Estes xeonllos... E que teima me deu de poñer todo en

alto! Creo que me deu por poñelos aquí para que non estivesen ao alcance da man de ninguén. Son libros moi valiosos. Non sei se cho dixen antes, pero sempre tiveron medo de que as miñas fillas puidesen vendelos, así que os máis valiosos tróuxenmos para o cuarto e púxenos ben enriba. (*Silencio*). Nunca. Ningunha das dúas. Das tres, de feito, porque a miña muller tampouco o entendeu nunca. Nunca comprenderon a miña paixón polos libros. Sempre me preguntei a quen imita a miña neta... Desde logo, nin á súa nai nin á súa tía. A Ruth, súa nai, sempre lle interesaron as ciencias. Desde moi cativa. Sabíalo? E a min facíame chiste e gustábame aprender con ela, e dela, até que empezou a medrar e a facer ciencia e experimentos coas relacións humanas. Aí empezou a non chistarme xa nadiña. Tan estruturada... Tan ordenada, tan perfecta. E tan intolerante coa imperfección. Nunca deu comprendido un leve trazo de debilidade naqueles que a rodeabamos. (*Mira cara á cabeceira da cama e ri*). Si, ben sei, non empeces... Era obvio que a nosa relación non podía ir moi ben daquela. (*Irónico*). Demasiado sensible aos praceres mundanos, non si? Pois non rías tanto porque ti aínda lle caerías peor ca min. (*Volvendo examinar o estante*). Voulle levar todos estes da Xeración do 27. Agora que vai estar fóra quero que os teña con ela. Eu xa os sei de memoria. (*Pausa*). E esta antoloxía de Machado... «Y cuando llegue el día del último viaje...» (*Pausa*). Non creo que, co que me queda, ningún me vaia facer xa moita falta. (*Sorri e comeza a baixar da escada os libros en varias viaxes e lévaos á maleta*). Si, Luke, a min xa me deron toda a gana de vivir e de resistir que puideron, os pobres. (*Ri*). Se cadra demasiadas... Ti tamén axudaches bastante a iso, a verdade. É curioso, cando te vin por primeira vez na gran pantalla, tiña a idade que agora ten Cordelia. E durante todos estes anos fuches unha das razóns polas que nunca quedo nos sitios cando descubro que non me convencen; un dos motivos polos que deixei as miñas fillas e mais a súa nai. E a miña neta, agora, está facendo iso mesmo... Es a razón pola que eu relaciono submisión e morte, igual que eu son a razón para ela. (*Pausa. Senta aos pés da cama*).

Non me sinto especialmente ben por como me portei con elas... Coas miñas fillas. Elas non tiñan a culpa de que eu non estivese preparado. Non estaba preparado, cando as tiveron, para encontrarme con iso: para encontrarme con dúas persoas que non tiñan nada que ver comigo e que me vían como un referente daquilo que non se debía facer. Como alguén do que non só non querían, senón que mesmo temían aprender. Non o daba aturado, Luke. Non podía vivir con iso. (*Pausa*). Sei que dezasete anos sen dar sinais de vida é moito tempo... (*Pausa*). Agora á miña filla Ruth estalle pasando o mesmo: non dá vivído cunha nena que lle recorda tanto a min que parece

miña. (*Sorri e vólvese á cabeceira*). Aínda lembro cando o meu xenro lle preguntou, creo que con nove anos, «Cal é a túa película favorita?» Por certo, non lle collín ningunha película! Voulla levar. (*Érguese da cama e sae da estancia. Eleva a voz e segue a falar desde a extraescena*). Pois dille seu pai á mocosa: «Cal é a túa peli favorita, meu amor?» E a nena vai e contéstalle... «A lenda do indomable» (*Ri a cachón*). A indomable Cordelia, así é como lle chamo eu desde aquela. (*Entra no cuarto*). Oíches? «A lenda do indomable», dille cos seus nove aniños. Que graciosa! Pois si, pois si... Como ves, ela coñécete desde moi cativa. Obviamente, só de maneira indirecta porque, como comprenderás, non che contei máis nada daquela. Aos pais daríalles algo. (*Segue a rir*). Sería «o que faltaba». (*Pousa a ollada no alto do estante. De súpeto, ponse serio. Silencio*). Aí empezaron as broncas. O pai non paraba de lle dicir á miña filla «Teu pai, que se imaxina? Pensa que pode desaparecer da familia e volver agora para facer o que lle peta? Se non soubo ser pai das súas fillas, que non o remedie tentando selo da miña, por favor». E cousas así. Xa sei, nunca cho contara. Tanto me tiña todo o que me dicía. Que se non quería que lle puxese a Corde certo tipo de películas, que se era moi pequena. Eu que sei! Podían poñerlle todo o lixo televisivo do mundo: concursos, infracine, telenovelas... De todo, de verdade... Pero cine de verdade, iso non podía velo. En serio, fixen tan mal poñéndolle, cada vez que viña á casa, a miña colección de clásicos? Ou levándoa ao cine comigo para ver as boas estreas do momento? Para eles cometín un delito, claro. Sobre todo para seu pai, que vía como lle medraba unha filla que nada tiña que ver co que a el lle gustaría. (*Mira para o estante outra vez, en dirección ao peluche. Silencio*).

(*Pouco a pouco, mentres fala, camiña cara ao estante, volve subir á escada lentamente e cando chega arriba queda mirando, como hipnotizado, o peluche do último andel. Cóbreo unha mesta capa de po*). Non cho contei nunca porque tiven vergoña... Non... Seu pai fartouse e dixo que, se eu non fora nada para Ruth, menos o ía ser para Cordelia... A miña Corde... Prohibíume facerlle regalos nunca máis. Dicía que, se non había máis remedio, podía estar nos seus aniversarios e no Nadal, pero que, como non sabía facerlle agasallos acaídos para a súa idade, non lle debía regalar nada. O primeiro día desta «condena» foi o día en que fixo os dez. Abriu os regalos de todos. Sempre deixaba o meu para o final. Cando se achegou e me viu os ollos chorosos... Saiu a correr da casa cos dez recén caídos ao lombo, e foi á xoguetería de en fronte da súa casa. Chegou cun paquete envolto e díxome «Non pasa nada porque non puideses... (*Rompe a chorar*). puideses... traerme nada, avó... Xog... Xogamos a que este é o teu regalo, vale?» E deume o paquete facéndome así. (*Reproduce cos brazos o aceno da nena solicitando o paquete*). Eu deillo sen

saber que había dentro e... cando o abriu... (*Colle o peluche lentamente cunha man mentres coa outra tenta manter o equilibrio na escada*). Estaba este peluche (*Pausa. Arrebólao contra a parede da cama, á dereita da cabeceira e queda debruzado sobre a escada*). Fíxeno mal con ela tamén? Na postal... (*Recomponse e baixa da escada para seguir dobrando roupa do sofá e despois levala á maleta. Dobra e mete a roupa bruscamente*). Pois iso, o pai colleu o peluche e chimpoullo ao lixo. E a nena, cando todos se foron deitar, quitouno de entre a merda e agochouno no seu cuarto. Cando me volveu ver, deumo ás agachadas para que llo gardase na miña casa e puidese xogar con el cando viñese. (*Pausa*). Fíxeno mal con ela tamén? Porque compartín con ela todo o que me gustaba? Non o debín facer? Segundo as miñas fillas, facía con Corde o que me sentía culpábel de non ter feito con elas. Foi realmente todo froito da culpa? Ou simplemente unha marabillosa complicidade? Fíxena eu á miña imaxe e semellanza ou naceu así por natureza? Conteille demasiadas cousas? Demasiados contos? Demasiados soños? Demasiados...? Por que collóns lle falei de ti, Luke? Con trece anos... A quen se lle ocorre? Dicirlle que falo contigo, que te vexo e che falo... Que es o meu amigo... Son un estúpido! Xa non só por falar cun ser invisible para os demais, senón por facelo cun ente que en vez de me acalmar me revoluciona aínda máis... O putito indomable da lenda, nin máis nin menos. Que fago contándoches esta merda? (*Marcha da estancia dando un portazo. Silencio*).

(*Volve mallado. Débil. Como vencido dunha guerra*). Luke... Mira para min... Luke... (*Vai achegándose á galería, mira á fronte e despois xira a cabeza á súa dereita, como se alí estivese o seu interlocutor agora*). Que pensas? Non vas dicir nada? (*Silencio. Volve mirar o mar. Soa unha sirena distante*). Non sei cantos días durará a viaxe. Só me dixo o barco no que tiña que subir e cando tiña que facelo. Case como nun encargo de película de Bogart. (*Sorri mentres mira o que debe de ser o rostro de Luke*). Síntoo. Non sei... Non sei por que che dixen iso... Xusto grazas a ti sentínome apoiado sempre. Aínda que non existas de verdade, ou si, escoitáchesme e fixeches que non toleace (*Ri a cachón*). Si, a verdade é que ten chiste! «Que non toleace» mentres estou a falar cun... (*Continúa rindo*). En fin... (*Inclínase para coller máis roupa que levar á maleta*). Grazas por todo, amigo. (*Cando a leva para a cama repara no peluche, que está no chan. Deixa a roupa sobre a maleta. Anícase con dificultade. Senta no chan co peluche nas mans, case coma un neno*). Téñoille medo á viaxe. O cargueiro. A miña idade... Agora... (*Silencio*). Dixéronme que non podo someterme a cambios bruscos de temperatura... Que non... (*Silencio*). Dixéronme que non durarei un ano. (*Aperta o peluche contra o peito*). Teño que conseguir que volte. É demasiado nena aínda. Teño que conseguir que volte. Como lle

explico, Luke, que ser coma nós tampouco é boa idea? Aínda que no fondo non o crea... Necesito enganala, facerlle crer que facer caso, por máis que non creas no que che digan, está ben. Necesito que crea que se está mellor na casa que en ningún outro sitio. Necesito que crea que os seus pais saben mellor ca ninguén o que lle fai falta. Necesito que volte e que estea enganada un tempo... Enganada... pero protexida. Que non se cague a vida. Ti e mais eu sabemos que o orgullo, a integridade, a persistencia... están ben, pero cágannos a vida. Por que non lle ensinei iso antes? E non agora cando apenas teño tempo... Que non se cague a vida tan axiña, Luke... Mira súa nai, que feliz é! Mira como o era a miña muller... e a miña outra filla... Mira a xente, Luke. Por que nós nos fodemos a vida así? Non é mellor que siga a corrente? Por que loitar toda a vida para ir sós en sentido contrario? (*Silencio. Empeza a retorcer con forza o peluche*). Maldito saco de pelos! Maldito! (*De súpeto mira arriba. Tende a man, como se o axudasen e érguese con dificultade, deixando caer o peluche*). Grazas. Necesito beber algo. Unha copa? (Rindo) Oxalá puideses, eh? Sírvocha e bebo a túa tamén, pareceche? (*Abre a parte inferior da mesa e saca dous vasos e unha botella de coñac*). Polos tipos que cumpren as súas promesas por moi tolas que sexan! Tanto ten que se trate de cruzar o Atlántico ou de encher o bandullo con 50 ovos cocidos dunha sentada. (*Bebe e ri*). Foi un pracer! (*Continúa a beber*). Ai, que non me esqueza! (*Colle do mesmo caixón catro bolsas grandes de pipas Facundo e méteas na maleta. Despois vai polas últimas pezas de roupa do sofá para rematar de facela*). Os novos propietarios virán a semana que vén. Non che contei nada porque o decidín bastante rápido, a verdade. Pensaba voltar, pero estoume decatando de que fixen ben en vender todo, en deixar aquí todas as miñas cousas. Os cartos investireinos na miña pasaxe para ir e mais na da súa volta. E se cadra doulle o resto a ela... e eu quedo cun chisquiño para o que me quede por diante antes da «última viaxe»... Só un belisco. E así «me encontraréis ligero de equipaje... casi desnudo... como los hijos de la mar...»

(*Silencio. Mentres coloca o mapa ben estendido por riba de todas as cousas da maleta*). Síntome coma os grandes piratas a piques de partir, eh? Cos seus mapas tatuados nas cabezas ou impresos en grandes pregos de papel. Se cadra non me serve de nada, pero será coma se me puidese levar esa parede que vía cada despertar dos últimos trinta anos. Só me faltaría un papagaio! (*Sorrí*). Poderías vir... (*Silencio*). Ben, parece que xa está. (*Pausa*). A postal! (*Vai por ela que está enriba do sofá. Volve lela*). Mira como é. Para rematar, púxome unha frase túa. Estiven pensando e creo que o fixo para que, se eu non me animaba abondo, ti insistises. Sabía que ti non ías deixar unha causa perdida sen defendela a capa e espada. (*Le*). «Fuches ti quen me fixo

así. Onde se supón que debo encaixar? Asinado: A indomable Cordelia.» *(Rindo)*. Sabes como chamaba a seu pai? Xefe! «Xefe, podo saír?» «Xefe, podo traer as miñas amigas?» «Xefe, podo deitarme?» En fin... *(Cerra a maleta facendo bastante forza e cóllea. Séntese un silencio de mar, gaivotas e chuvia. Os seus ollos despídense da estancia. Soa unha sirena, esta vez máis preto: treme o cuarto. Camiña cara á porta. Cos ollos cheos de bágoas, vólvese)*. Grazas, amigo. *(Sae e pecha a porta. Pasan uns segundos. Ábrese a porta de súpeto e asoma de novo)*. Luke? Luke? Onde andas? Dixeches algo? *(Percorre o cuarto coa ollada e repara no peluche do chan. Sorrí)*. Mesmo no remate tes que levar a razón, eh? Si. Será mellor que vaia acompañado. *(Vai onda o peluche e cólleo. Sópralle o po. Vai á mesa, colle o último cigarro e préndeo. Dálle unha calada profunda: a última na súa estancia. Apaga a luz. Unha luz de cigarro sae do cuarto e pecha a porta)*.

**VOCES DE FÓRA**

**DNOR**



# ROCHELLE HURT

Textos de *The Rusted City* [A cidade enferruxada],  
unha novela en poemas<sup>1</sup>

ESCOLMA E TRADUCIÓN DO INGLÉS DE NEIL ANDERSON

As cidades industriais norteamericanas (pensemos, por exemplo, en Detroit, Buffalo ou Pittsburgh), coñecidas colectivamente como *The Rust Belt* [O cinto de ferruxe] son urbes que, dende hai varios lustros, veñen experimentando unha decadencia económica e moral relacionada cos cambios radicais sufridos polo seu sector manufactureiro. Aínda que o sufrimento humano que acompaña este proceso de perda e desintegración socio-económica se ignore fóra das zonas afectadas, a poeta e teórica da literatura Joyelle McSweeney afirma que destas cidades está a emerxer unha nova tendencia literaria que ela dá en chamar *The Rust Belt Gothic* [O gótico do cinto de ferruxe], «unha nova categoría estético-política na que a dor [...] do corazón industrial do país se fai brillar cun vigor poeiano, coa forza do non-morto». *The Rusted City* contribúe á creación desta nova estética, construindo unha visión fragmentaria e devastadora dunha cidade do *Rust Belt* que semella estar no seu nadir, medio destruída, cuberta toda dun po ferruxento, unha visión focalizada nunha familia e, sobre todo, na súa filla máis pequena.

Non sabemos se os textos de Hurt resoarán para os lectores e as lectoras galegas que os lean. O que si sabemos é que na mente de quen le, ocorre ás veces que os textos traban amizade e que, falando falando, mesmo é posíbel que descubran lazos de parentesco. Tal foi o caso cando lemos por vez primeira a Rochelle Hurt; *The Rusted City* tivo moito que falar con *Casa pechada* de Luz Pichel, libros ámbolos dous que nos levan a mundos que xa non son o que foron pero que aínda significan moito para quen morou

---

<sup>1</sup> Algúns destes poemas foron publicados previamente nas seguintes revistas:

*Inch*: «In the Century of Mute Tongues» e «In the Century of New Skin».

*Versal*: «The Old Mill».

*New Delta Review*: «The Smallest Sister Plays» co título «Infection: My Sister Plays».

*Superstition Review*: «In the Century of Rust».

neles; falou, ademais, con *Raíz da fenda* de Berta Dávila, da súa condición compartida de poemario novela, de poemario estruturado non só por unha voz poética, senón tamén polos seus personaxes secundarios. Ofrecemos, logo, os textos que veñen a continuación, agardando que a tertulia continúe, desta vez incorporando as lecturas que en vós residen.

[15]

## The Old Mill

is where the birds live, the smallest sister tells her mother. «I saw them weaving baskets in the eaves.» The quiet mother slides a thread between her lips and sucks a minute, as if on licorice. She's working on a slipcover. «That's impossible—» she says, eyes crossed on the thread she now pulls from her mouth, «they're gone.»

The smallest sister shakes her head, a spring-hinged door swinging as the birds flit in and out and in. On the floorboards, a shadow show unfolds while the quiet mother weaves a needle into her hand, and mends. The shrubs peck quietly at the window. Steel mill, still mill, sill mill, the smallest sister thinks. The birds are there, eating the rust from their wings.

[15]

### *A vella fábrica*

é onde moran os paxaros, dille a irmá máis pequena á súa nai. «Vinos facendo cestas debaixo do tellado». A nai silente mete un fío na boca e saboréao un intre coma se fose unha lambetada de regalicia. Está a coser unha funda. «Iso non pode ser—» di, enfocando o fío que agora extrae da boca, «xa marcharon».

A irmá máis pequena nega coa cabeza, unha porta vacila sobre as bisagras e os paxaros entran voando, saen, entran. Sobre as táboas do chan, unha sombra desprégase e unha agulla técese na man da nai silente. Ponse a remendar. Os arbustos peteiran suavemente nas fiestras. Fábrica de aceiro, fabricou aceiro, fábrica baleira, pensa a irmá máis pequena. Os paxaros están alí, limpando coa boca a ferruxe das ás.

[33]

## In the Century of Mute Tongues

women sucked stingers  
from garden bees. They stung  
themselves once before bed, twice

in the morning sun. Wordless,  
they made enemies

of their venomous men  
who took mute tongues  
for happy ones.

[33]

*No século das linguas mudas*

as mulleres extraían coa boca  
os aguillóns das abellas da horta. Elas  
picábanse unha vez antes de se deitar, dúas

vezes ao sol da mañanciña. Sen palabras  
fixeron inimigos

dos seus homes venenosos  
que tomaban por felices  
as linguas mudas.

[34]

## In the Century of Hot Air

the sky over the city sagged  
like a threadbare dress, tired of all  
the heat that seeped from the mouths

of its smoke-throated men. Clouds  
whimpered to the ground, balloons  
let down. Women fanned

smoke from their homes, chased  
gray tufts like rodents  
onto neighbors' lawns.

The scent of singed grass  
was slow to leave the city.

[34]

*No século de aire quente*

o ceo caía sobre a cidade  
coma un vestido esfiado, canso  
da calor que escapaba

das gortexas, raspadas polo fume, dos seus homes.  
Os nubeiros baixaban choromicando até o chan, globos  
que alguén deixou caer. As mulleres

escorrentaban o fume, desterrábano, perseguíanno  
—como a un peludo coello gris—  
até os xardíns veciños.

O tufo a herba queimada  
tardou en desaparecer da cidade.



[36]

## In the Century of New Skin

children split like bad cells

into a frenzy of more children.  
The city squirmed with them,

an ant-laden peony, sinking  
into its grass, blooming  
black from black.

[36]

*No século da pel nova*

as criaturas, como malas células,

divídense, forman un fervedoiro de xente miúda.

A cidade formigüea,

unha peonia cargada de formigas, fundida

na herba, florecendo

negra negra.

[38]

## In the Century of Breaking Sentences

words swelled with earnestness and burst  
between teeth like overripe grapes.

The verbose were found choked  
on their own superfluous vociferousness,  
adjectives stuck like seeds to their chins.

Sentences drooped like old vines, half-empty.  
Scraps of dropped conversations grew  
black and rancid in the streets. Eventually,

the city was strung with dried up phrases,  
brittle echoes of even the dead,  
whose words still burned for ears.

[38]

*No século das frases que rompen*

as palabras ínchase de seriedade, estoupando  
entre os dentes coma uvas maduras de máis.

Os locuaces aparecen atragoados  
pola súa propia verbosidade,  
os adxectivos pegados coma sementes ás barbelas.

As frases dóbranse coma vides antigas, medio baleiras.  
Anacos de conversas perdidas vólvense  
negras e rancias nas rúas. Ao final,

a cidade fica adubiada de frases resecas,  
os ecos crebadizos até dos mortos,  
que arden polo oído que as escoite.

[44]

## The Smallest Sister Plays

a piano in the ballroom. The spaces between keys are full of red crust and the orange-stained ivory is jamming, cracking up. The song is stuck, a tongue in a throat, a bird on a leash, a boomerang. She plays faster, but the keys are fracturing like glass. Limp with splinter-slits, her fingertips can barely tap them.

Determined, she turns over her hand, knuckles down, and drags a bony song out. But the piano now is just a rusty boat full of broken teeth. The song is nothing but a sack full of feathers tied to a string.

[44]

### *A irmá máis pequena toca*

un piano no salón de baile. Os espazos entre as teclas están cheos dunha tona ferruxenta e o marfil tinguido de alaranxado atóase, agrétase. A canción está atrapada, unha lingua nunha gorxa, un paxaro coutado cun cordel, un búmerang. Ela toca máis rápido, pero as teclas crébanse coma vidros. Febles e feridas as xemas dos seus dedos apenas logran premelas.

Determinada, volve as mans cara arriba, os cotenos para baixo, e arrinca unha canción osuda. Pero o piano non é máis agora ca unha embarcación enferruxada chea de dentes rotos. A canción non é outra cousa ca unha bolsa de plumas amarrada cun fío.

[51]

## Penance

Woman, lay my hands  
in the skillet, he pleads,  
sear these palms clean.

Instead, she boils him  
down. She skims  
the foam and scoops him  
up with her fingernails.

She shovels him into her  
mouth. She whittles  
him down to a bone-  
shaped lip of skin,  
the softest frown.

[51]

### *Penitencia*

Muller, agarra estas miñas mans  
e prémeas contra o lar, suplica el,  
límpamas co lume.

Mais non, ela fai con el  
un caldo. Vai quitando  
a espuma coas unllas.

Engúleo.  
Vaino tallando cos dentes  
até convertelo  
nunha lámina de pel,  
brandísima e osiforme.



[53]

## Wife Song

Like copper, you bent  
and swayed beneath me,

but tarnished with touch—  
a curl of verdigris

etched behind each ear,  
scars that followed

my vinegar fingers. How deep  
the trails of blue and green

I left in your body,  
how immediate-love,

what impatient decay.

[53]

*Canción prá muller*

Dobrábaste e bambeabas  
debaixo de min coma o cobre

pero oxidada polo tacto—  
unha voluta de verdín

gravada detrás das orellas,  
cicatrices que seguían

os meus dedos de vinagre. Que fondos  
os vieiros verdes e azuis que deixei

no teu corpo,  
que presto o amor,

que impaciente o seu decaer.

[55]

## The Quiet Mother Moves

like breath, in and out of the house. Like a lung, the house empties and fills.

[55]

*A nai silente móvese*

coma a respiración, entrando e saíndo da casa. Coma un pulmón, a casa baléirase, échese.

[62]

## In the Century of Records

words returned under municipal jurisdiction, and lives were organized under titles like:

*Showers Three Times a Day*  
*Seven Sweaters*  
*Loves Salad*  
*Runs from Bees*  
*Watches Dogs Bury Bones*  
*Patient Shaver*  
*Childhood Burn Scars*  
*Slow Blinker*  
*Estranged Son*  
*Professor of Logic*  
*Blind from Birth*

Some of these were misfiled serendipitously:

*Flowers, Three Times a Day*  
*Rents for Peas*  
*Patient-saver*

some tragically:

*Severe Sweater*  
*Less Solid*  
*Catches Dogs, Buries Bones*  
*Child that Burns Cars*  
*Slob, Licker*  
*Professional Juke*

and others were lost altogether:

*Bluffed Her Birth*

[62]

### *No século dos arquivos*

as palabras volven estar baixo a xurisdición do concello, e as vidas organizábanse baixo títulos, como poden ser:

*Dúchase tres veces ao día*  
*Sete xerseis*  
*Encántalle a ensalada*  
*Foxe das abellas*  
*Mira enterrar ósos aos cans*  
*Barbéase con xeito*  
*Queimaduras cicatrizadas na nenez*  
*Pestanexa amodo*  
*Non fala co fillo*  
*Profesor de lóxica*  
*Cego de nacemento*

Algúns arquiváronse felizmente mal:

*Ducha tres becerros ao día*  
*Fala das abelás*  
*Barbéase con xeo*

e algúns cun aquel tráxico:

*Severo xersei*  
*Atragóase coa ensalada*  
*Enterra os cans osudos*  
*Neno que malla nas carrocerías*  
*Pestilente amorodo*  
*Profesor lúbrico*

e outros que se perderon de todo:

*crego de nacemento.*

[67]

## In the Century of Waiting

the water finally subsided, leaving  
rings of red like incriminating lip prints  
on the steel face of the city.

[67]

*No século de agardar*

por fin as augas baixaron, deixando  
—como o fan os beizos culpábeis—  
manchas vermellas no rostro da cidade.



[68]

## In the Century of Rust

the city's shoulders glittered with fiery dust.  
Dramatic, wind-driven, it cloaked every citizen,  
and found its way into each  
of the body's hollows.

It fell from their mouths in scabs  
when they sang too loud, yawned too long  
or sighed too heavily. It left

iron orange streaks on their tongues  
when they kissed, so it was always apparent  
when two had been kissing. They had to

brush their hands nightly along each  
other's spines just to keep their backs

from rusting out—*that stuff*,  
mothers would say to one another,  
*will eat through anything*.

[68]

*No século da ferruxe*

o po ardente baruxaba os ombreiros da cidade.  
Dramático, levado polo vento, abrigaba  
aos cidadáns todos e metíaselles en  
tódolos ocos do corpo.

Caía das bocas coma folerpas de sangue  
cando eles cantaban forte de máis, cando bocexaban,  
cando suspiraban fondo fondo. Deixaba

manchas alaranxadas nas linguas  
de xeito que se notaba sempre  
que dous viñan de se bicar. Os uns

aos outros tiñan que se varrer  
o carriño coas mans  
só pra evitar

ficar comestos pola ferruxe—*esa cousa*  
diciáanse as nais,  
*comerá todo o que quixer.*

[80]

## The Quiet Mother Knocks

on her tin wall, but her knuckles suck the sound up immediately, leaving only the tick of bones chattering inside her fingers like babies' teeth.

[80]

*A nai silente peta*

na súa parede de estaño, pero os seus cotenos absorben o son ao instante e non deixan máis ca o son duns ósos, os seus dedos un axóuxere cheo de dentes de leite.



POÉTICAS

DOOR  
NOVA



# Ismael Ramos

## Alas I Cannot Swim

Digo: teño vinte e un anos e non sei nadar.  
Da outra beira do río están a árbore, o home e o meu corazón.  
Observo tentado o reflexo das cousas.

A miña intelixencia non é útil. Non poderei abrir as augas cunha palabra  
porque no fondo da palabra hai carne. No recordo da palabra existen  
anaquiños pequenos de carne. Elas tamén afunden.

Non é sequera unha adiviña: como chegar ileso á outra beira sen que me  
coman.

Hai que tomar decisións.

\*

Estou sentado ó bordo do peirao. A xente camiña detrás de min falando  
alto. Hai música e os barcos cruzan dunha beira á outra cargados de  
turistas. O sol castiga os azulexos. A auga está en todas partes.

Hai tamén un can que ergue a cabeza cando alguén pasa demasiado preto  
do seu sono.

Aprecio o sangue transparente nas plumas das aves. Por que só amamos  
aquilo que avellenta?

\*

Perdémolo todo mesmo antes de nacer.

O heroe parte sen a súa amada e confía o seu corpo á luz e ó vento.



Podo dicir: teño vinte e un anos e non sei nadar. Este é o meu estómago.  
Este, o meu cerebro. Chámome Ismael.

Por que habería de cruzar o río?

\*

En soños, o rostro do afogado.

Hai un deus para representar ós homes e outro para as cousas. Hai un  
deus que reflexa na auga o meu rostro.

Non creo na salvación. Non creo no sangue.  
Creo na desesperación da amada.

O can esperta e camiña preto da auga.

\*

Son o rapaz sentado ó bordo da cama. A piques de afundir, unha sombra  
suave sobre a miña cabeza. A potencia do león correndo a cravar-se nunha  
lanza.

Acaríñame a calor morna dos días de sol no final do inverno.  
Dou de comer na man ás aves.  
Caio.

## Helena de Carlos

Cando os reloxos despregan os brazos  
o tempo envorca no abismo.  
Teño cincuenta e un anos  
e sei nadar:  
é propio da miña tribo.  
Meu pai chámase Miño,  
miña nai é linfa,  
eu mesma enxendrei unha filla  
—ten o fémur dunha fada,  
é rica en escamas—.  
Cando nos vemos debaixo da auga  
saudámonos con afecto  
e con certa distancia.  
Con todo, non amo os ríos,  
son deuses grises e arbitrarios.  
Prefiro velos ao lonxe,  
metidos nos mapas,  
menos dados a excesos,  
xogando ás fronteiras.  
Cando se salta un ano alén da liña  
toda precaución  
semella pouca.



# DORNA

## SUMARIO

- 5 **CREACIÓN**
- 7 ALBA CID  
*a inmersión de Safo*
- 9 ANTÍA MONTEAGUDO ALONSO  
*Visións parisinas*
- 10 ANTÓN BLANCO  
*Quen pode nacer en Puech Merlhou?*
- 14 ARSENIO IGLESIAS PAZOS  
*Os anos musculares*
- 16 CELIA PARRA  
*Profundidade de tacto*
- 19 CHUS PATO  
*O tempo e mais ti sodes compañeiros, retrasádesvos*
- 21 CLAUDIO RODRÍGUEZ FER  
*Jazz vital*  
*Manteiga*
- 26 ELI RÍOS  
*[ Cando chegou o golpe ]*  
*[ Despois dunha eternidade de conversas electrónicas & nocturnas ]*  
*[ El treme as dúbidas todas xuntas ]*
- 29 ESTÍBALIZ... ESPINOSA  
*| outroras |*  
*chíos de @criaturamecanic*

- 32 HELENA VILLAR JANEIRO  
*Memorial das Vítimas*
- 34 JESÚS CASTRO  
*Sen título (Atlas)*  
*Canción do 18 de agosto*  
*Xacinto*
- 37 LUCÍA NOVAS  
*Alfabeto*
- 38 MANUEL DARRIBA  
*Cidades, plantas*
- 39 MANUEL XOSÉ NEIRA  
*Montale II*
- 41 MARCO PAONE  
*Epiderme*
- 45 MARÍA DO CEBREIRO  
*O sangue*
- 46 MARÍA VILAS  
*proxección*  
*nacemento de vello*  
*ritual*
- 49 MARTA DACOSTA ALONSO  
*Arte poética*
- 51 OLALLA TUÑAS  
*A casa*
- 53 PAULA ANTÍA REY BALIÑA  
*[ agora que podo mercar ]*
- 55 PAULINO PEÑA  
*A embazada dor das xanelas*
- 56 FRANCISCO CASTIÑEIRA  
*Regreso*
- 58 IRIA MORGADE  
*Espellos deformes*  
*Gadoupas*
- 64 IRENE MAQUEIRA  
*A lenda da indomable*

71 **VOCES DE FÓRA**

72 ROCHELLE HURT

*Escolma e tradución do inglés de Neil Anderson*

74 The Old Mill | *A vella fábrica*

76 In the Century of Mute Tongues | *No século das linguas mudas*

78 In the Century of Hot Air | *No século de aire quente*

80 In the Century of New Skin | *No século da pel nova*

82 In the Century of Breaking Sentences | *No século das frases que rompen*

84 The Smallest Sister Plays | *A irmá máis pequena toca*

86 Penance | *Penitencia*

88 Wife Song | *Canción prá muller*

90 The Quiet Mother Moves | *A nai silente móvese*

92 In the Century of Records | *No século dos arquivos*

94 In the Century of Waiting | *No século de agardar*

96 In the Century of Rust | *No século da ferruxe*

98 The Quiet Mother Knocks | *A nai silente peta*

101 **POÉTICAS**

103 ISMAEL RAMOS

105 HELENA DE CARLOS



Este volume da revista  
*Dorna. Expresión poética galega*  
saíu do prelo nos obradoiros da Imprenta  
Universitaria. Compostela,  
outono de 2015







# DORNA



EXPRESSION POÈTICA GALEGA Nº 38  
2015